

POEMA PARA XESÚS COSTA RODIL,
COA MÁIS FONDA ADMIRACIÓN. IN MEMORIAM

Namorado da Historia verdadeira
e sen medo á verdade,
pesase a quen pesase.

Foi un home cabal
en tódolos terreos.
Un crente verdadeiro:
a Xustiza e Verdade sobre todo.

Fascinouno Rianxo,
sen por iso deixar de amar a fondo
o seu primeiro berce,
que foi Espiñeirido
no concello de Cervo.

Foi Mestre e Profesor,
e sempre, sempre
cunha entrega total
e plena ó ensino.
Culminou os seus méritos docentes
no IES Félix Muriel
do seu Rianxo. E nel
seguiu a traballar de xubilado.

Inmenso e ben fundado antifrancuista.
Un gran republicano.
Un ardoroso defensor da Lingua,
escribíndoa e falándoa.
Sempre axudando na Memoria Histórica,
sen pausa, sen descanso.

Con Xesús Santos tratou
o tema da represión
que o maxisterio sufriu,
retratando aquel horror.
Con el tamén describiu
campos de concentración
en Muros, Padrón, A Pobra
e en Rianxo, o seu Rianxo,
vinganza do vencedor.

A Santos agora engado
Xosé Comoxo, outro autor
dunha gran similitude
en valía e en valor.
E entre os tres nos describen,
de Rianxo, o seu terrible
campo de concentración.

Rianxo no antigo réxime
é un estudo ó pormenor
daquela data pasada
que moi a fondo estudiou.
E na II República
Rianxo se decantou
a prol de aquel Estatuto
de Autonomía, e o autor
pormenoriza en detalles
que non son desta ocasión,
pero si o é recordar
o golpe que o aniquilou.

"Bandeiras de liberdade
ó nacente", publicou
no libro "Voces de guerra"
que en "biblioteca barbantia"
se editou.

Tamén escribiu poesías,
por diversas revistas espalladas.
Suxiro, se así se considera,
como homenaxe póstuma,
que sexan publicadas.

E remato.

Que endexamais a guerra se repita:
nunca xamais esa incivil historia!

Mentres a vida exista,
refulxa inexquecible a túa memoria!

Os Tilos, 18/Outubro/2.018

Xoán Xosé Fernández Abella